

Impugnar os binomios, liberar os discursos

Montse Dopico 25/11/2014 Crónicas

A AELG celebrou hai uns días na Normal, na Coruña, o VIII Encontro de Escritoras/es Novas/os, que reivindicou, entre outras cuestións, unha revisión dos discursos sobre a literatura galega tecidos a partir de binomios excluíntes.



Pola esquerda, Rosalía Fernández, Vanesa Sotelo e Roi Vidal, na Normal

Poeta ou narradora. Clásica ou anovadora. Urbana ou rural. Literatura de muller ou non. Parte dunha unidade xeracional ou non. Galega ou internacional. Maioritaria ou marxinal. Riquiña ou irreverente. Son os binomios cos que, máis dunha vez, bateu a escritora Berta Dávila. Caixas pechadas nas que cadaquén se ve obrigado a escoller entre os dous termos opostos. Coa ameaza da condena dunha existencia de intrusa, sospeitosa, para quen non renuncia á dobre identidade. Para quen se atreve a impugnar o xogo das preguntas binarias.

Berta Dávila tratou esta cuestión na súa intervención no VIII Encontro de Escritoras/es Novas/os, celebrado pola AELG no espazo Normal da Universidade da Coruña arredor das 'Propostas de diálogo para tempos mestizos'. Apuntou, así, ao xeito en que están a construírse en Galicia os discursos arredor da literatura. E non foi a única. Samuel Solleiro explicou como esas dicotomías que marcan os lindes dos debates -o experimental fronte ao popular, por exemplo-, serven para perpetuar “unha visión do mundo mítica”, na que non se quere admitir que “a realidade é fea, sucia e impura”.

Por iso, -subliñou-, sempre houbo medo a enfrontarse con temas como o lector, a lectora. Nun país coas porcentaxes de lectura do sur de Europa, no que parte da poboación non foi alfabetizada en galego, e no que boa parte da que si o foi non optaría, na maioría dos casos, por ler un libro en galego. E non só por tema de prexuízos senón porque, -asegurou-, se cadra “levamos tempo facendo mal o traballo, perpetuando o aparato mítico, reproducindo debates de ciencia ficción”. Porque a literatura converteuse nunha das áreas nas que se pretenden resolver os problemas de tipo identitario.

E, como as persoas reais son “feas, sucias e impuras”, “sería mellor que fosen invisibles”, e un modo de conseguilo é transformalas en pantasmas a través de “mitos” como que a literatura pode ser a chave da normalización lingüística, ou que “Galicia é unha comunidade nacional orgánica culturalmente autosuficiente”, ou que calquera interferencia da vida cultural madrileña ou barcelonesa na galega só pode entenderse en termos coloniais. Neste contexto, -dixo-, se un libro non cumpre con clichés como “a alegoría nacional, personaxes pouco contraditorios, finais que se ven vir, contextos máis ben galegos ou sexualidade un pouco descafeinada” xa é colocado no terreo do non normal, do “experimental”.

Mais desprazar o eixo dos debates podería permitir, ao seu ver, “recuperar a comunidade lectora” que le, por exemplo, a Gonçalo M. Tavares, pero non literatura galega. Ademais, -engadiu-, tampouco se trata de obsesionarse con chegar a ser maioritarios, podendo tecer, como a música, escenas máis localizadas, de encontro entre creadores e público, que poden ser cualitativamente máis interesantes.

Berta e Samuel foron convocados ao VIII Encontro de Escritoras/es Novas/os para falar do mesmo: o lector, a lectora. O outro, a outra. O que vai alén do autor, da autora e do texto. “Se me deteño a pensar sobre por que escribo e sobre o contexto”, sinalou Berta, probablemente “non me sentaría nunca a escribir”. E non porque non lle importe o lector, o editor, a crítica, o país. Non porque non desexe o encontro co outro, a outra. Senón porque escribe para “ordenar a miña cabeza”, e non cre “relevante” expresar, como autora, as súas opinións sobre ese tipo de cuestións alleas á súa escrita.



Berta Dávila, Mario Regueira e Samuel Solleiro

Clubs de lectores, correo electrónico e redes sociais mudaron, por outra banda, -salientou-, a relación de quen escribe con quen le. “As críticas máis medidas, máis francas e máis argumentadas viñéronme de lectores”, afirmou. Malia que, moitas veces, a visión dos mesmos estea mediatizada por instancias alleas á autora, como a prensa, a crítica ou o texto de contracuberta. E é aí onde se manifesta con forza esa tendencia do sistema ao binarismo. “Os xornalistas pregúntanche se de verdade es poeta ou narradora”, comentou. Ou se a obra é galega ou universal, sen decatarse de que falar de “thriller á galega” ou de “road movie” á galega é marcar o galego como menor, non profesional, de andar pola casa.

Na crítica das simplificacións e os binomios alicerzouse tamén a intervención de Roi Vidal arredor da “dramaturxia e emerxencia”. Invocou a “reconciliación” entre teatro profesional e novas dramaturxias pois, -subliñou-, hai un “desprestixio” da creación dos dramaturgos e dramaturgas novos do país entre as compañías, que, agás excepcións, non escollen os seus textos para levalos a escena.

Roi comezou o seu relatorio citando algúns nomes. Fernando Epelde, Zé Paredes, Lupe Gómez, Afonso Becerra, Teresa González Costa, Fran Cortegoso, Marcos Abalde, Olivia Pena, Eva Ferreira, Vanesa Sotelo, Paula Carballeira, José Prieto ou Rubén Ruibal. Non son unha “xeración”, senón un grupo de xente que escribe, e boa parte dela que publicou na “tristemente desaparecida” revista Casahamlet. Úneos, segundo Vidal, a “vontade de romper coa tradición teatral galega” e “unha enorme preocupación pola linguaxe”, dentro dunha “variedade enorme de estilos e personalidades”, desde o teatro realista ao do absurdo, o surrealista, o teatro de teoría...

Mais os intentos de establecer clasificacións poden ser unha maneira de poñer cancelas. “Hai”, - lembra Roi Vidal-, “un choque entre a tendencia dramática e posdramática”, e “iso fai que se polarice a cousa” e xurdan discusións con lanzamento simbólico de tomates. “Eu considero”, - aclarou-, “o posdrama como un xénero máis”. Pois, -recoñeceu-, “non é tan fácil romper, experimentar” e ás veces préndese a etiqueta de “posdrama” ao que reúne clixés como “que haxa espidos, que se proxecten imaxes, que haxa danza ou actores con problemas de dicción”. E mesmo se pode caer na repetición de fórmulas. Así, o “posdrama” non é sinónimo de “novo” ou de “bo”. Da mesma maneira, ridiculízalo pode ser unha mostra de medo ante o que non se entende.

Hibridar xéneros pode ser, por outra banda, -engadiu-, un xeito de romper. Mais tamén pode selo coller o camiño contrario e “mergullarse na esencia da teatralidade”, caso do teatro “minimalista” e Eva Ferreira, por exemplo. Afastouse, neste aspecto, da opinión de Rosalía Fernández Rial, quen avogou por “violiar os xéneros”, desde unha “visión interdisciplinar”. Esta autora distinguiu, ademais, os autores que escriben teatro pensando en publicalo en formato libro dos que o conciben para a escena, postura que considerou máis “interesante”. Reivindicou, ao respecto, unha creación